



CIG

Boletín
Sindical

Nº 49 - 2021

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Emprego digno e industria con futuro

Mobilización nacional o 15 de xuño en Compostela

Ante a inacción do PP, a CIG fai un chamamento a participar na mobilización nacional convocada para o vindeiro 15 de xuño en Santiago en demanda de emprego digno e dunha industria con futuro.

Un acto de protesta no que se prevé rodear o edificio administrativo da Xunta de Galiza, en San Caetano, en demanda dun verdadeiro plan de recuperación económica, industrialización, creación de emprego, dereitos e servizos públicos que garanta o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra.

A acción do PP e de Feixó están a contribuír de forma intensa á destrución de emprego e dos nosos sectores produtivos, do comercio, da hostalaría e de industriais estratéxicas. Comarcas enteiras, especialmente no norte de Galiza, atópanse en plena reconversión e demolición, en pleno proceso de desertización industrial e social, se non somos quen de impedi-lo.

Esta situación é consecuencia das políticas suicidas do goberno Feixó, submisas aos intereses dos fondos de investimento e ás directrices de Madrid e Bruxelas, a risco de causar danos irremparábeis para o futuro do pobo galego: agrávase a crise social e demográfica, aumenta a emigración, a privatización de servizos públicos e a mercantilización dos cuidados ás persoas.

En pleno proceso de descarbonización seguen sen existir políticas públicas para unha transición social e territorial xusta que fagan fronte á ditadura imposta polo oligopolio das empresas eléctricas, que seguen campando a eito, sen asumir os custos sociais, laborais e



ambientais que están a causar mentres encabezan un novo boom especulativo ligado ás enerxías renovábeis.

Por iso a CIG chama á mobilización coa forza que nos dá a razón e a xustiza destas reivindicacións.

Manifestación en Madrid pola derogación das reformas laborais

CIG, ELA e a Intersindical manifesta-ranse en Madrid o 22 de xuño para exixir a derogación das reformas laborais e da negociación colectiva e demandar que se reforce a axenda social. Unha necesidade urxente na actual situación de pandemia e empobrecemento xeral da clase traballadora.

Camiñar cara a unha recuperación social e económica e que se xere emprego digno é imposíbel cando aínda seguen vixentes as reformas laborais de 2010 e 2012. Toda a ampliación dos acordos dos ERTE que se están a asinar sobre a base da vixencia destas reformas significa ERTE á carta para a patronal e unha caída de salarios.

Cada ERTE, ERE, despido, cada minoración dos salarios e das condicións laborais ten causa nesta reforma e ten responsábeis: quenes tendo medios e suficiente maioría parlamentar non toman estas reformas.

O diálogo social está sendo a escusa perfecta para prolongar inxustificadamente a vixencia das reformas, outorgándolle á patronal medios ilimitados para recortar dereitos e empobrecer máis a clase traballadora. Non é críbel que organizacións que chaman de forma ocasional na rúa á derogación da reforma laboral, senten nas mesas de diálogo social facendo o posíbel e servindo de pretexto para mantela en vigor.

A CIG leva ao Parlamento a Iniciativa Popular por un sistema público de coidados

A CIG presentou no Parlamento de Galiza, un total de 15.199 sinaturas para avala a proposición non de lei de Iniciativa Popular pola que se insta ao goberno galego á creación dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas.

Seis veces máis sinaturas das necesarias que foron recollidas en cidades e vilas no decurso dunha campaña na que se constatou que é unha necesidade poñer fin ás políticas de privatización dos servizos públicos, revalorizar os traballos de coidados e dignificar as condicións de traballo do persoal -maioritariamente mulleres-.

A pandemia evidenciou o carácter esencial dos servizos de coidados e de atención ás persoas máis tamén puxo de manifesto as carencias de persoal e material; a falla de protocolos homoxéneos de funcionamento; os abusos patronais e os importantes niveis de explotación e precariedade existentes -e que teñen unha clara compoñente de xénero- tanto nos servizos de axuda no fogar como nas residencias da terceira idade e de persoas con discapacidade.

A creación dun ente público galego que concentre e preste todos

os servizos, desde as residencias de maiores, até os centros de día, os centros de atención á discapacidade ou os servizos de axuda no fogar, entre outros, só depende de que haxa vontade política.



En loita nas residencias privadas

Só un 25% das prazas de residencia para maiores son públicas, o que obriga a poboación a recorrer ás privadas onde a pandemia sacou á luz as deficiencias cando comezaron a aumentar, de forma alarmante, os falecementos por covid das persoas maiores ingresadas. Algo que non ocorreu nas públicas, onde só houbo 5 casos.

Até tal punto chega a usura da patronal destes centros, que nas públicas hai unha media de 15 traballadoras máis, co mesmo número de persoas dependentes, que nas priva-

das. Isto supón unha sobrecarga de traballo enorme para o persoal mais tamén un recorte das prestacións que reciben as persoas dependentes.

Malia isto, a patronal do sector leva un ano atrasando a negociación do convenio para non ter que dar ningún incremento salarial e, sobre todo, que non teña carácter retroactivo.

Por iso a CIG-Servizos comezou a mobilizarse en demanda de que se avance na negociación, para poder garantir a estas traballadoras unhas condicións salariais e laborais dignas.

H&M recúa ante a presión das súas traballadoras/es

A dirección da transnacional sueca do sector téxtil H&M cedeu finalmente á presión do seu persoal e manterá aberta a tenda de Ourense, mentres que en Vigo recolocará as empregadas/os do establecemento da rúa Príncipe. Na CIG salientan a loita "valente a incansábel" das traballadoras/es, especialmente no caso ourensán, xa que foron as primeiras/es en botarse á rúa e en convocar folga na defensa dos seus empregos.

As mobilizacións desenvolvidas en Galiza e noutras zonas do Estado serviron tanto para rebaixar o número de persoas afectadas polo ERE como para mellorar as condicións das

que si se verán afectadas, pasando das 1100 iniciais a 350 en todo o territorio estatal.

Durante as negociacións -nas que a CIG non puido participar polo veto de CCOO e UGT a pesar de que a central conta con representación nas catro provincias galegas- tamén se logrou elevar as indemnizacións por despedimento até os 45 días por ano traballado para o persoal contratado antes de febreiro de 2012 e até os 33 días por ano a partir desa data. Mais a central nacionalista estivo ao tanto de todo o proceso grazas ao sindicato vasco ELA, que si participou ao contar con máis representación.

A CIG celebra que se conseguise manter aberto o establecemento ourensán e que o persoal da tenda da rúa Príncipe de Vigo vaia ser recolocado: as 21 empregadas/os irán a un ERTE mentres non se abre outro centro de traballo. E tamén que se deixase sen efecto a modificación substancial das condicións laborais que a compañía pretendía aplicar nos establecementos que permanecerán abertos, o que supoñía un claro ataque aos dereitos dunhas traballadoras/es que coa súa capacidade de loita e determinación foron quen de facer recuar o xigante téxtil.



O naval vigués lanza o seu último SOS

A liquidación de Vulcano e a crítica situación na que se atopa Barreras abocan o sector naval da Ría de Vigo a desaparecer ante a inacción das Administracións española e galega e a desidia dos sindicatos estatais. Cada vez queda menos tempo para atopar unha saída que permita a supervivencia dunha industria fundamental para a bisbarra e da que dependen historicamente milleiros de postos de traballo.

Diante disto, a CIG está a intensificar a súa campaña en defensa do sector, con mobilizacións na rúa e con propostas como a intervención pública directa das empresas para que a comarca conte cun estaleiro público ou semipúblico que funcione de motor da industria auxiliar. Mobilizacións como a celebrada o pasado 19 de maio, cando arredor dun milleiro de persoas se manifestaron na cidade “polo futuro industrial da comarca”.

Máis semella que os plans gubernamentais van por outro lado: o Executivo ponse de perfil e a Xunta mira cara a outro lado, mentres as compañías agonizan e as auxiliares van camiño da desaparición afogadas polas débedas. E a Autoridade Portua-



ria de Vigo actúa de punta de lanza da estratexia para dismantelar o sector coa escusa de dotar de máis terreo portuario para o tráfico comercial de contedores, como está a acontecer con Vulcano.

No caso de Barreras, o maior estaleiro privado estatal, a nefasta xestión da dirección comprometeu a supervivencia dunha empresa que nin presentou o plan de viabilidade comprometido, para cuxa elaboración solicitaran varios millóns de euros públicos. Así o denunciou o CIG o 27 de maio durante a ocupación simbólica das instalacións do estaleiro.

Con esta protesta a central sindical foi quen de forzar unha xuntanza coa dirección de Barreras na que os xestores da compañía confirmaron que na actualidade non existe carga de traballo e semella que non a vaia haber a medio prazo, o que compromete o futuro da empresa e do propio sector no seu conxunto.

Por iso a CIG seguirá a mobilizarse e a petar en todas as portas que sexan necesarias para atopar unha solución que permita a supervivencia da empresa, que para a central sindical pasa pola súa nacionalización, unha vez que a xestión privada demostrou a súa incapacidade para facelo con garantías.

Reaxen contra o ERE salvaxe que quiere aplicar o BVA

O BBVA obtivo no 1º trimestre do ano uns beneficios de 1200 millóns de euros e vén de subir de maneira escandalosa os salarios da alta cúpula directiva. Porén, estase aproveitando das facilidades da reforma laboral do PP (que o goberno de coalición segue sen derrogar) para tentar impor un ERE extintivo, unha modificación das condicións laborais e un expediente de mobilidade xeográfica que afectará a máis de 3000 empregadas/os e suporá o peche, só en Galiza, de 26 oficinas.

A entidade xustifícase nunha baixada dos beneficios (non ten perdas económicas) e nun suposto cambio de hábitos da clientela que, como

explica o secretario da sección sindical da CIG, Miguel Fernández, “foi forzado polo propio banco, pechando sucursais, eliminando e/ou reducindo servizos e recortando os horarios das caixas para expulsar a clientela das oficinas e dirixila á banca electrónica ou ao caixeiro”.

Esta dixitalización forzada, que afonda na exclusión financeira das zonas rurais e de amplos sectores sociais, é utilizada agora como escusa para despedir salvaxemente e empeorar as condicións laborais. Mais o persoal do BBVA está dando cumprida res-

posta a esta agresión, participando nas mobilizacións e secundando de xeito maioritario as xornadas de folga convocadas pola CIG, xunto con outras centrais sindicais.

**Máis de 3000
persoas veranse
afectadas e 26
oficinas pecharán.**

“Os postos de traballo deféndense loitando, ese é o camiño que temos que seguir para impedir que o BBVA execute o seus plans e

para evitar que se chegue a algún acordo no que se acepte, como mal menor, boa parte dos despedimentos ou un recorte das nosas condicións de traballo”, asevera Fernández.

Eólica, así non!

A CIG fai un chamamento a participar na gran marcha que terá lugar o sábado, día 5 de xuño, ás 12:00 horas, con saída da Alameda compostelá, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente. Unha mobilización, coa que os preto de 50 colectivos e plataformas ecoloxistas, veciñais, sociais, culturais e sindicais de toda Galiza queren expresar “o amplo e contundente rexeitamento do pobo galego a un modelo de desenvolvemento eólico imposto e colonial que converte a Galiza, unha vez máis, nun territorio de sacrificio para favorecer as ansias especulativas e de negocio do oligopolio enerxético, coa conivencia da Xunta e do Estado”, reclamar a paralización inmediata dos proxectos eólicos en tramitación e un novo modelo enerxético.

Neste sentido, o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, advirte de que Galiza se atopa diante dun novo proceso de colonización enerxética que no franquismo destruíu os ríos e agora vai polas terras e montes mentres se mantén a moita xente na pobreza enerxética e comarcas enteiras de Galiza camiño da desertización social e industrial, sen plans alternativos de ningún tipo de reindustrialización.



Temos unha produción de enerxía eléctrica que supera o consumo actual, o 30 % da electricidade producida segue a exportarse fóra do país, mentres a subministración á cidadanía, empresas e industrias galegas segue a ser das máis caras do Estado.

Galiza necesita ter soberanía sobre os seus recursos e capacidade para decidir o noso modelo de desenvolvemento económico para que reverta na maioría social do país, xa que “precisamos unha verdadeira transición ecolóxica galega ordenada, xusta, ao servizo do país, cunha xestión pública que poña fin ao oligopolio das grandes eléctricas”.

Por iso a CIG rexeita que, á custa do territorio galego, as grandes empresas aproveiten a ocasión do negocio eólico para faceren o seu lavado verde, sen teren previamente reparado a súa débeda ecolóxica nin resolto o impacto social xerado.

O pobo galego debe ser quen decida sobre o aproveitamento dos seus recursos e o seu modelo económico, industrial e social, capaz de procurar un equilibrio territorial e ambiental, que evite a destrución de emprego e a emigración, que pule pola enerxía como ben básico ao servizo do pobo, que cree emprego e industria.

En defensa da universidade pública

O Partido Popular, despois de regalarlle o aforro galego, vai agasallar agora ao señor Escotet coa que será a primeira universidade privada en Galiza. Unha licenza que lle dará a posibilidade de enriquecerse aínda máis e de segregrar parte do alumnado da universidade pública. A proposta de Abanca contempla ademais unha oferta que coincide coa das nosas universidades públicas.

Esta universidade buscará atraer a alumnado con alto poder adquisitivo, procedente de familias acomodadas, ou a aquel que non dá entrada na universidade pública introducindo, de paso, o modelo americano de ende-

bedamento para que acaben pagando durante anos a súa carreira.

En cuestión está tamén a calidade porque poderán contratar a quen queiran, como queiran e sen a cualificación que ten o profesorado universitario do sistema público, que pasa por un rigoroso sistema de control. Unha situación que se confirma nos diferentes informes que sitúan a universidade pública, no Estado español, por diante da privada.

A súa aparición provocará ademais unha fuxida do capital privado que nestes momentos chegaba a acordos de colaboración para proxectos de investi-

gación coas universidades públicas para investilos directamente na universidade privada. Un problema de financiamento que se agravará coa perda de alumnado.

Manifestación o 12 de xuño

A Plataforma Galega en Defensa da Universidade Pública vénse mobilizando contra esta proposta que depende dunha decisión política que se imporá co rodete do PP. Por iso chama as galegas e galegos a defender o noso sistema universitario público sumándose ás concentracións convocadas en todos os campus o 2 de xuño e a manifestación convocada para o día 12 de xuño, ás 12:00 horas, con saída da Alameda compostelá.